

Joan Fuster

Nacionalismo, liberalismo e outros temas


Presentación, selección e tradución
de Xesús González Gómez

EDICIÓNS
laiovento
LAI OVENTO

ENSAIO



Joan Fuster



Joan Fuster i Ortells (Sueca, Valencia, 1922-1992), estudou Dereito en Valencia. Deuse a coñecer como poeta con *Sobre Narcís*. En 1955 iniciou, con *El descrédito de la realitat*, unha brillante carreira de ensaísta, historiador e crítico literario con libros como *Les Originalitats*, *Figures de temps*, *Indagacions posibles*, *Diccionari per a ociosos*, *Causar-se d'esperar*, *L'home mesura de totes les coses*, *Examen de consciència*, *Babels i babilònies*, *Contra Unamuno y los demás*, *Punts de meditació*, *Sagitari*, *La poesia catalana*, *Poetes, moriscos i capellans*, *Heretgies, revoltes i sermons*, *Literatura catalana contemporània*, *La decadència al País Valencià...*

Autor de libros básicos para coñecermos o País Valencià: *Nosaltres el valencians*, *Qüestió de noms* e *El País Valencià* entre outros, en 1969 apareceu o seu: *Diari 1952-1960*. Colaborou en innúmeros xornais e revistas, tanto cataláns, como valencianos e españois. Co-fundador de *Verbo*. *Cuadernos literarios*, fundou e dirixiu a revista de literatura e pensamento *L'Espill*.

Limiar/presentación

Joan Fuster, nun libro de conversas filosóficas con Júlia Blasco (e Josep Lluís Blasco), nun momento determinado di «[...] sempre fun hostile ao feito de que falen de min. Por exemplo, nas *Obras Completas*. Sempre estiven en contra dun prólogo doutro señor porque quería dicir ao lector que quería facer eu ao publicar esa acumulación de papeis [...]»¹, de aí que a maioría dos seus libros conteñan «prólogo» do autor, ou unhas palabras preliminares máis ou menos xustificatorias do volume que se entrega. Mais unha antoloxía de Fuster, ou, mellor dito, unha escolma de textos deste autor, e máis se esa escolma é unha tradución a outra lingua, talvez obrigue a traizoar os desexos íntimos do escritor valenciano.

Nacido en 1922 en Sueca, Valencia, fillo único dunha familia normal de vila (como escribe Isidre Crespo²), dun tallista de imaxes, que tamén exerceu de profesor de debuxo en academias de ensino privadas, que durante a guerra civil foi encarcerado pola súa filiación carlista³, e dunha muller que proviña dunha familia de propietarios rurais vidos a menos, empezou a ler moi novo os poucos libros que había na súa casa. En 1939, paseando por Valencia, nun quiosco viu uns títulos que lle chamaron a atención e que comprou de seguida: *La llengua dels valencians*, de Manuel Sanchis Guarner, *Ortografia*, de Carles Salvador e *El País Valencià*, de Mateu i Llopis. Libros que devorou⁴. Pódese afirmar que estas obras son as «culpábeis» da obra toda do polígrafo valenciano.

1 Júlia Blanco Estellés, Joan Fuster: *Converses filosòfiques*, Valencia, Eliseu Climent Editor, 2002, p. 146.

2 Isidre Crespo, «Introducció» a *Joan Fuster. Raons i paraules*, Barcelona, Hermes Editora General, 1999, p. 9.

3 Segundo Josep Pla, no homenot «Joan Fuster», redactado en 1962, o pai de Fuster era «Un carlinás: el carlí més important de la comarca», en Josep Pla, *Homenots. Quarta sèrie*³, O. C. 29, Barcelona, Editorial Destino, 1991, p. 365.

4 Isidre Crespo, «Introducció» a *Joan Fuster. Raons i paraules*, op. cit., p. 10.

Acabada a guerra civil, Fuster, como fillo de «vencedor», e pola idade (dezasete anos), afíliase á Falange e é nomeado «asesor de cultura das mocidades de Falange» en 1940. O ano seguinte noméano xefe do Departamento de prensa e propaganda do SEU da súa vila natal. En 1942, unha vez acabado o bacharelato, inicia os estudos de Dereito na Universidade de Valencia, estudos que acaba en 1947. Traballou durante un tempo nun despacho de avogados e tivo en mentes presentarse a unhas oposicións a secretario de concello.

Cando en 1942 ingresou na universidade, na capital valenciana coñece os membros de Lo Rat Penat, unha asociación cultural valencianista, e o ano seguinte, en novembro, é designado secretario de mocidade de tal asociación. Dous anos despois, en 1944, publica «Vint-i-cinc anys de poesia valenciana» no almanaque do xornal *Las Provincias* para 1945. Podíase afirmar que é este 1944 cando se inicia a vida literaria de Joan Fuster, mais en realidade, coidamos, foi en 1946, cando co seu amigo José Albi crean a revista *Cuadernos literarios*, que a partir do número 3 levara o título de *Verbo*, unha revista que desaparecerá en 1958 e na que o escritor fixo de todo: artigos, poemas, crónicas culturais, recensións, traducións, aforismos, notas e debuxos, salientando a *Antología del surrealismo español*, en colaboración con Albi, que apareceu en 1952.

Mais se o seu primeiro traballo publicado en catalán foi un escrito en prosa, como todo escritor novel, Joan Fuster comeza pola poesía: en 1948 aparece o seu primeiro libro: *Sobre Narcís*, na editorial Torre, dirixida por membros de Lo Rat Penat, Xavier Casp e Miquel Adlert, grupo co que romperá en 1951. Ademais do mencionado, Fuster publicou os libros de poemas *Ales o mans* (1949), *Va morir tan bella* (1951), *Terra en la boca* (1953) e *Escrit per al silenci* (1954), para algúns, o seu mellor libro de versos. Despois de publicar este último poemario, abandonou a poesía (ben que compuxo algún que outro poema) porque el propio coidaba que a súa poesía non

«pagaba a pena». Mais en 1987 deuse ao prelo *Set llibres de versos*⁵, que recolle os cinco libros mencionados e mais *Ofici de difunt, Poemes* per fer e composicións soltas. Para unha situación de Fuster como poeta, ver Josep Ballester, *Joan Fuster: una aventura lírica* (Valencia, Eliseu Climent Editor, 1990). A ollada irónica que botaba o escritor valenciano sobre a súa poesía, talvez se resuma neste poema: «Créeme ti, lector;/ Joan Fuster ódiate/ e por iso escribe este poema un serán de domingo». Con todo, como afirmou Enric Sòria: «Coa súa escolla [abandonar a poesía polo ensaio, a historia e o artigo xornalístico], o País Valenciano gañou o escritor que ía interpretalo; o ensaio catalán, un mestre lúcido, de grande alcance. As nosas horas irremediabelmente perderon algúns versos de amor diáfanos e talvez sublimes; unhas cantas sátiras espléndidas. “Virá a hora de ver dentro dos versos”. Chegou a hora, por fin, de ver dentro dos versos que Joan Fuster escribiu, cando menos estes. Non será inutilmente se é que os len»⁶.

Se en *Verbo* fixo as súas primeiras armas como crítico, articulista e ensaísta, vai ser nunha revista do exilio catalán, *La nostra revista*, de México, na que comeza a colaborar en 1950, onde vai axustando pouco a pouco o seu estilo. Estilo que madura a partir do ano 1952 –ano en que comeza a súa colaboración noutra revista do exilio catalán: *Pont Blau*, de México–, como demostra o seu *Diari 1952-1960*⁷, publicado en 1969. Pódese afirmar que a partir do devandito ano, Joan Fuster é xa Joan Fuster. Ese mesmo ano enceta a súa colaboración no xornal valenciano *Levante*⁸, e en 1955 publica o seu primeiro

5 Joan Fuster, *Set llibres de versos*, Valencia, 3i4, 1987.

6 Enric Sòria, *L'espill de Janus*, Barcelona, Proa-ECSA, 2000, p.119-124; recensión do libro de Joan Fuster, *Set llibres de versos*, Valencia, 3i4, 1987.

7 Joan Fuster, *Diario 1952-1960. Obres Completes 2*, Barcelona, Edicions 62, 1969.

8 Joan Fuster, *Llegint i escrivint. Artículos periodísticos en Levante-EMV*, edición de Antoni Furió, Barcelona, Editorial Prensas Ibérica, 1995. Segundo explica A.

libro ensaístico: *El descrèdit de la realitat*⁹, un ensaio sobre a arte contemporánea. O ano anterior participara no III Congreso de Poesía que se celebrara en Santiago de Compostela (véxase apéndice). É a partir dese 1954 que se pode afirmar que Joan Fuster decide vivir da escrita¹⁰, abandonando o seu traballo de «avogado». En 1952 empezara a colaborar no suplemento literario do xornal *Levante* –a raíz de gañar un concurso de poesía instituído por este xornal co poema «Goig de desemparat», en abril dese ano– e na *Revista valenciana de filoloxía*. En *Levante* colabora tamén no suplemento semanal «Valencia», e o ano seguinte inicia a súa colaboración no vespertino valenciano, da Prensa do Movimiento, *La Jornada*. Escribirá tamén para os seus suplementos, «Nuestra Ciudad» e «Jornada de las Artes y las Letras» (a partir de 1955 entrega un artigo semanal, ou máis, para cada un destes xornais. Segundo Antonio Furió, a finais dos cincuenta «chegaría a escribir máis de cinco artigos semanais»¹¹). En 1959 nace, pódese afirmar, a revista *Serra d'Or* e axiña aparece a sinatura de Fuster, cuxa colaboración con esta revista, publicada polos monxes de Montserrat, durará até que o escritor decida en 1984 non escribir máis na prensa. Nesta década de 1950, á parte de *El descrèdit de la realitat*, publica *Les originalitats* (Premi Josep Yxart de ensaio), *Figures del temps*, *Indagacions possibles*, *La Poesia catalana I i II* etc.

Furió na introdución, «[...] deixando de lado as colaboracións no suplemento “Valencia”, son 229 os artigos de Fuster publicados en *Levante*. O presente volume reúne aproximadamente a terceira parte, 77, aparecidos entre o 27 de abril de 1952 e o 10 de marzo de 1957», p. 15.

- 9 Joan Fuster, *El descrèdit de la realitat*, Palma, Editorial Moll, Biblioteca Raixa 4, 1955.
- 10 Nunha carta a Vicenç Riera Llorca lese: «Comecei a escribir unha novela, estou entusiasmado. Mesmo, hai momentos en que penso enviála ao Martorell [Premio de novela Joanot Martorell] do ano que vén...». Debeu abandonar a escrita desta novela e nunca recuncou Fuster no xénero; con todo escribiu dous contos infantís: *Un món per a infants* (1959) e *Abans que el sol no creme* (1969).
- 11 Antoni Furió, «Introducció» a Joan Fuster, *Llegint i escrivint... op. cit.*, p. 12.

Xa dono dun estilo propio¹², considerado xa como grande ensaísta, na década de 1960 publicará algunhas das súas máis coñecidas (e máis importantes) obras: *Nosaltres els valencians* (1962), *Causar-se d'esperar* (1965), *Diccionari per a ociosos* (1964), *L'home mesura de totes les coses* (1967), *Examen de consciència* (1968), *Heretgies, revoltes i sermons* (1968), *Poetes, moriscos i capellans* (1962), *Combustible per a falles* (1967), *Qüestió de noms* (1962), *Consells, proverbios i insolències* (1968) etc., e o volume en castelán *El País Valenciano* (1962), ao tempo que traduce ao catalán, entre outros, a Albert Camus e Ignazio Silone, e inicia a súa colaboración no xornal *El Correo Catalán*, de Barcelona, e na revista *Destino*.

Se *Nosaltres el valencians*, un libro, por así dicilo, seminal, talvez por estar escrito en catalán non levantou polémicas nin críticas; a aparición poucos despois da publicación do devandito libro *El País valenciano*¹³ serviu de pretexto para lanzar unha campaña, dende o poder e dende o nacional-catolicismo e o falanxismo, contra o seu autor¹⁴. Deixemos a palabra a Josep Iborra:

Despois [de *Nosaltres els valencians*], e a continuación, cando apareceu a guía en castelán *El País Valenciano*, “a histeria tomou corpo” e traducíuse nunha campaña de inxurias e de insultos. O

12 Xulgo que Enric Sòria, en «Fuster assagista. Una conversa continuada», introdución á súa edición de Joan Fuster, *Sagitari* (Alzira, Edicions Bromera, 1993, p. 9-30) é quen, dos escritos que coñezo sobre Fuster, mellor caracterizou o seu estilo; véxase desta introdución o apartado 3, «Apunts sobre l'estil», no que, entre outras cousas, subliña como, por mor da censura, a utilización do «eufemismo e a elipse se converte, nas súas mans, nunha compoñente moi eficaz do estilo».

13 Joan Fuster, *El País Valenciano*, Barcelona, Editorial Destino, 1962, libro que algúns consideran unha «guía turística»: é, por suposto, algo máis. Algo semellante á *Guía de Galicia*, de Ramon Otero Pedrayo, salvando distancias e diferenzas. No tomo 3 das súas obras completas: *Viatge pel País Valencià* (Barcelona, Edicions 62, 1971), recóllese, con outros textos, a versión catalá desta «guía turística».

14 «Ser perseguido é xa unha vitoria», Joan Fuster, *Judicis finals*, Palma, Editorial Moll, p. 11.

provincianismo, o conformismo de espírito que animaba ao mesmo tempo a *tendeiros* e *kulaks*, reaccionou movido por un reflexo de autodefensa. Os grupiños dos seus ideólogos trataron de parar o golpe de Fuster ao seu “regionalismo bien entendido”. Catro frases súas, desmitificadoras, irónicas, foron esaxeradas e manipuladas como proba do seu “antivalencianismo”. Ler, o que se di ler os seus libros, apenas o fixeron. Os que o fixeran trataron, coa súa campaña, de interpoñerse entre o discurso de Fuster e o seu público posíbel. Como que estaban en contra das conclusións tácitas ou confesadas de *Nosaltres els valencians*, crearon unha atmosfera irracional que fixese imposíbel a súa formulación. Frustraban así a esperanza dun “diálogo franco”. Dende entón até hoxe, Fuster converteuse no inimigo absoluto. [...] é o herexe, o “outro” *distinto*: o “heterovalenciano”, como alguén o denominou. Fuster converteuse case literalmente, para esta “Valencia”, no “xudeu” que é, moralmente. Sen se decataren, os seus paisanos detectárono e deron a consigna de silencialo, de expulsalo ou de illalo: de queimalo, como fixeron coa súa efixie nunha cerimonia fallera [en 1963] animada polo espírito inquisitorial. E destruílo, mesmo fisicamente, como intentaron, con bombas. A hostilidade foi permanente, sistemática¹⁵.

Á parte da campaña contra a persoa e, evidentemente, a, digámolo así, «ideoloxía» de Joan Fuster, tivo como consecuencia que este deixase de colaborar na prensa valenciana. É tamén nesta década cando prologa as poesías completas de Joan Salvat-Papasseit e de Salvador Espriu, e mais *El quadern gris*, de Josep Pla, prólogos que recollera no volume *Contra el noucentisme*¹⁶.

15 Josep Iborra, *Fuster portàtil*, Valencia, Edicions 314, 1982, p. 288-289. Digamos que esta campaña contra Fuster continua hoxe, alimentada polo neo-españolismo «progresista» ou de «esquerdas» ou que se auto-nomea «constitucional»: véxanse os libros de Sergio del Molino *Contra la España vacía* ou *Lugares fuera de sitio*.

16 Joan Fuster, *Contra el noucentisme*, Barcelona, Editorial Crítica. Grup Editorial Grijalbo, 1977.

Na década de 1970, Joan Fuster, ademais de colaborar en diversos xornais e revistas aos que debe entregar uns catro ou máis artigos por semana –haberá anos en que colaborará regularmente en once publicacións periódicas de Barcelona, Madrid e Valencia–, e publica libros como o manual *La literatura catalana contemporània* (1971), *Babels i babilònies* (1972), *Contra Unamuno y los demás* (1975), e os seus libros e folletos máis «directamente» políticos: *Un país sense política* (1976), *El blau en la senyera* (1977), *Destinat (sobretot) a valencians* (1979), volumes que teñen continuación na seguinte década con títulos como *Ara o mai* (1981), *País Valencià, per què?* (1982), *Punts de meditació (dubtes sobre la «transició»)* (1985), *Pamflets polítics* (1985), ao tempo que aparecen *Notes d'un desficiós* (1980) e o que a maioría dos seus estudosos consideran o seu gran último libro (en vida): *Sagitari* (1985). Até o ano do seu pasamento (1992), Fuster entregou libros como *Llibres i problemes del Renaixement* (1989), *Textos d'exili* (1991), que recolle as colaboracións co seu nome e con pseudónimo en *La Nostra Revista* e *Pont Blau* etc.

Postumamente, lévanse publicados até hoxe 17 grosos volumes da súa correspondencia, *Dos quaderns inèdits* (que deberían formar parte do seu *Diari*, pero que o autor non engadiu por mor da censura), *Discordànces* e *Més discordances* (que recollen as súas colaboracións na revista *Jano*), *Les idees religioses i l'existencialisme en el teatre modern*, xuntamente coa súa tradución da obra de Paul Claudel *L'annonce faite à Marie* (*La bona nova a Maria*), representada en 1952 durante as festas da Coronació de la Mare de Déu de Sales, en Sueca¹⁷ etc. Como

17 Nun excelente (e ás veces divertidísimo) traballo titulado «Consideracións sobre a situación actual do teatro valenciano. Que pasa co teatro valenciano?», *Obras completas 5. Literatura i llegenda*, Barcelona, Edicions 62, 1977, pp.359-390, Fuster escribe: «representáronse, nestes últimos anos, *L'annonce faite à Marie*, de Paul Claudel, e a *Medea*, de Séneca, postas nun “valenciano” literario normal, e os veciños non mostraron ningunha estrañeza diante da fala “artificiosa e culta” dos actores».

escribiu milleiros de artigos para publicacións periódicas, aínda queda moito Fuster por recoller e publicar, sen esquecermos a sorprendente cantidade de prólogos para obras alleas: en 1978, nun traballo publicado na revista *L'Espill* e recollido no seu libro *Joan Fuster, el contemporani capital*, Francesc Pérez Moragon afirmaba que o de Sueca escribira, se o seu relato –de Pérez Moragon– non era erróneo, sesenta e un prólogos¹⁸. Nos 14 anos seguintes, é dicir, dende 1978 a 1992, cantos prólogos artellou Joan Fuster? Algúns estudosos da súa obra dan un número de máis de cento vinte prólogos escritos por Fuster ao longo da súa vida literaria. Prólogos que son pequenos ensaios, como por exemplo os que entregamos na nosa escolma. Non se pode esquecer a súa participación en empresas culturais e editoriais: asesor da *Gran Enciclopèdia Catalana* e da *Gran Enciclopedia de la Región Valenciana*, director/fundador da revista trimestral *L'Espill*, director da *Biblioteca d'Autors Valencians* e da colección *Clàssics Albatros*, membro do Institut d'Estudis Catalans e presidente de Acció Cultural del País Valencià e da Fundació Josep Renau¹⁹.

En 1981, dúas bombas estalan na casa de Fuster destruíndo parte da súa biblioteca e do seu arquivo (véxase na presente escolma o artigo «Bomba vai e bomba vén»)²⁰; antes, en 1978, sufrira outro atentado. Dous anos despois, en 1983, empezan os recoñecementos máis ou menos «oficiais»: ingresa como profesor na Universidade de Valencia, concédennlle a Medalla de Ouro da Generalitat de Cataluña e o Premi de les Lletres del País Valencià. Ao ser profesor da Universidade valenciana, ao

18 Francesc Pérez Moragon, *Joan Fuster, el contemporani capital*, Alzira, Germania, col. Sagitari, 1, 1994, p. 36.

19 Josep Antoni Fluixà, «Introducció» a *Ser Joan Fuster, antologia de textos fusterians*, a cura de J. A. Fluixà i A. Martínez, Alzira, Edicions Bromera, 1991, p. 22.

20 Este atentado, o segundo, está perfectamente narrado en Francesc Bayarri, *Matar Joan Fuster (i altres històries)*, Valencia, Companyia Austrohongaresa de Vapors, 2018.

ter uns ingresos fixos, toma unha decisión: trinta anos despois de abandonar a poesía, decide, como dixemos atrás, deixar de colaborar na prensa. Ese mesmo ano (1984) é investido doutor honoris causa pola Universidade de Barcelona e pola Universidade Autónoma de Barcelona, ao tempo que o concello da súa vila o nomea fillo predilecto. Para poder continuar a traballar na universidade, en 1985 le a súa tese doutoral e o ano seguinte é nomeado catedrático na Universidade de Valencia, por pouco tempo, debido á idade, pero o ano seguinte desígnano profesor emérito. E até o seu pasamento, en 1992, leva unha vida máis tranquila, sen deixar de escribir e publicar. O 21 de xuño de 1992, a causa dunha crise cardíaca, morre²¹. O seu enterramento foi multitudinario: os valencianos despedían o seu máis grande escritor do século XX.



A colaboración na prensa, o seu modo de vida, de Joan Fuster foi moi ampla: cantos artigos puido escribir? Catro ou cinco mil, ou máis. Á parte dos mencionados xornais valencianos, colaborou en distintos periódicos barceloneses *El Correo Catalán* (1961-1966), *El Noticiero Universal* (1967-1971), *Tele/Exprés* (1969-1977), *La Vanguardia* (1969-1984), no diario en catalán *Avui* (durante pouco máis de cinco meses en 1976). Tamén colaborou en xornais de Madrid: *Informaciones* (1972-1978), *ABC*, *El País*. E coa chegada da democracia, nalgúns xornais e revistas valencianas: *El Temps*, *Qué y dónde*, *Diario de Valencia*. Sen esquecermos revistas como a mencionada *Destino*, *Cuadernos para el diálogo* ou *Jano. Medicina y humanidades*. Nos anos 1970 a súa firma aparece en xornais como *La Voz de Galicia* ou o *Diario de Burgos*: adoitaban ser artigos que se publicaran en *La Vanguardia*.

21 «E morrer debe ser deixar de escribir», Joan Fuster, «Proposicions deshonestes», en *Indagacions i propostes*, Barcelona, Edicions 62 i la Caixa, Les millors, obres de la literatura catalana, 1981, p. 290.

Se ben Joan Fuster, como dixemos, iniciou a súa «carreira» de escritor como poeta, foi o seu traballo como ensaísta o que o deu a coñecer. Moitos dos libros de Joan Fuster, e non os menos «importantes», son escolmas de artigos xornalísticos que o autor arrexuntou seguindo un fio condutor: *Examen de consciència*, *Babels i Babilònies*, *L'home mesura de totes les coses*, *Contra Unamuno y los demás*, *Punts de meditació* etc. Estes libros «xornalísticos» conectan directamente co que os seus estudosos consideran os seus grandes ensaios humanísticos, *El descrèdit de la realitat*, *Les originalitats*, *Diccionari per a ociosos*, *Causar-se de esperar* ou o seu *Diari*... E conectan directamente non só porque o autor sexa o mesmo, ou porque moita da temática deses ensaios «humanísticos» apareza nos seus artigos xornalísticos. Non só por iso, senón porque para Fuster, como el propio escribe na súa *Literatura catalana contemporània*: «O ensaio, e a súa forma larvada que é o artigo de diario»²², e por que como afirmou en máis dunha ocasión, «[...] eu quero que a xente me entenda cando escribo, que tire a conclusión de que aquilo é unha situación ambigua, conflictiva, que simplemente se topan diante dos seus narices e despois que eles decidan, que xa son maiores de idade»²³. Noutras palabras, Joan Fuster, en todos os seus escritos, sexan do tipo que for, sempre procura que a xente, o lector, a lectora, o entenda, e, ademais, que o que están a ler lles sexa interesante. E se se len con atención os seus artigos, o lector decatárase axiña de que a composición destes, máis ou menos revirada pero sempre sinxela, segue a pauta «en miniatura» dos seus ensaios. De aí que tanto nestes como nos seus artigos xornalísticos, se vente axiña a ambigüidade e a conflictividade; e o humor, a ironía, e mesmo, cando é necesario, o sarcasmo²⁴, e aquilo que Guillem Calafó-

22 Joan Fuster, *Literatura catalana contemporània*, Barcelona, Curial Edicions Catalanes, 1980, p. 284.

23 Júlia Blasco/Joan Fuster, *Converses filosòfiques*, op. cit., p. 140.

24 Non imos entrar en disquisicións sobre sarcasmo versus ironía ou viceversa, reproducimos estes escritos de Antonio Gramsci que, penso quizais non lle acaian a Fuster, pero non estaría tan seguro, se consideramos que o valen-

ciano usa máis do sarcasmo que da ironía: Caderno 26 (XII). 1935: *Temas de Cultura* § (5):

«Contradicións» do historicismo e as súas expresións literarias (ironía, sarcasmo). Ver a publicación de Adriano Tilgher contra o historicismo. Dun artigo de Bonaventura Tecchi («Il Demiurgo di Burzio», *L'Italia Letteraria*, 20 de outubro de 1929) tíranse algunhas notas de F. Burzio, que semellan mostrar en Burzio unha certa fondura (se se fai abstracción da linguaxe forzada e das construcións de tendencia paradoxal-literaria) no estudo das contradicións «psicolóxicas» que nacen no terreo do historicismo idealista, mais tamén no do historicismo integral. [...] Do escrito de Tecchi dedúcese que Burzio alude moitas veces ao elemento “ironía” como característica (ou unha das características) da posición referida e condensada na afirmación “estar por riba das paixóns e os sentimentos aínda que experimentándoos] pode ser correcta para a actitude de intelectuais illados, individuais, é dicir, sen responsabilidade inmediata aínda que sexa na construción dun mundo cultural ou para indicar o afastamento do artista do contido sentimental da súa creación (que pode “sentir” mais non “compartir”, ou pode compartir pero de forma intelectualmente máis refinada); pero no caso da acción histórica, o elemento “ironía” sería só literario ou intelectual e indicaría unha forma de afastamento máis vinculada ao escepticismo máis ou menos diletante debido a desilusión, a cansazo, a “superhomismo”. Pola contra, no caso da acción histórico-política o elemento estilístico adecuado, a actitude característica do afastamento-comprensión é o “sarcasmo”, e aínda mellor unha forma determinada, o “sarcasmo apaixonado”. Nos fundadores da filosofía da praxe áchase a expresión máis alta, ética e esteticamente, do sarcasmo apaixonado. Outras formas. Fronte ás crenzas e ilusións populares (crenza na xustiza, na igualdade, na fraternidade, ou sexa, nos elementos ideolóxicos difundidos polas tendencias democráticas herdeiras da Revolución francesa), hai un sarcasmo apaixonadamente “positivo”, creador, progresivo: compréndese que non se quere menosprezar o sentimento máis íntimo daquelas ilusións e crenzas, senón a súa forma inmediata, vinculada a un determinado mundo “caduco”, o cheiro de cadáver que flúe a través do perfume humanitario dos profesionais dos “principios inmortais”. Porque existe tamén un sarcasmo de “dereita”, que raramente é apaixonado, mais sempre é “negativo”, escéptico e destrutivo non só da “forma” continxente, senón do contido “humano” daqueles sentimentos e crenzas. (E a propósito do atributo “humano”, pódese ver nalgúns libros, mais especialmente n’*A sagrada familia*, que significado cómpre darlle.) Trátase de dar ao núcleo vivo das aspiracións contidas naquelas crenzas unha nova forma (xa que logo, de innovar, determinar mellor aquelas aspiracións), non de destruílas. O sarcasmo de dereita trata, pola contra, de destruír precisamente o contido das aspiracións (non, ben entendido, nas masas populares, que entón se destruíría tamén o cristianismo popular, senón nos intelectuais), e por iso o ataque á “forma” non é máis que un expediente “didáctico”.

Como acontece sempre, as primeiras e orixinais manifestacións do sarcasmo tiveron imitadores e papagaios. O estilo converteuse nunha “estilística”, converteuse

rra²⁵ denomina «desfascinación» do mundo –desfascinación presente en todos os escritos de Fuster: sexan artigos, ensaios, estudos da historia da cultura, aforismos e mesmo a súa poesía última– póno en paralelo co «desencantamento do mundo» teorizado por Max Weber. Ambigüidade e mais conflictividade que deitan dunha «intención reformadora» e «dun distanciamento dos dogmas. Pero, ademais, quería divertir», porque, ao

nunha especie de mecanismo, unha cifra, unha xerga, que podería dar lugar a observacións picantes (por ex., cando a palabra “civilización” vai *sempre* acompañada do adxectivo “suposta”, é lícito pensar que se acredita na existencia dunha “civilización” exemplar, abstracta ou, cando menos, se procede como se se acreditase niso, é dicir, que da mentalidade crítica e historicista se pasa á mentalidade utópica). Na forma orixinaria hai que considerar o sarcasmo como unha expresión que salienta as contradicións dun período de transición; trátase de manter o contacto coas expresións subalternas humanas das vellas concepcións, ao mesmo tempo acentúase o afastamento das dominantes e dirixentes, á espera de que as novas concepcións, coa firmeza adquirida a través do desenvolvemento histórico, dominen até adquiriren a forza das “crenzas populares”. Estas novas concepcións están xa solidamente adquiridas en quen emprega o sarcasmo, mais deben ser expresadas e divulgadas en actitude “polémica”, doutra maneira serían unha “utopía”, porque aparecerían como “arbitrio” individual ou de camarilla: por outra parte, pola súa propia natureza, o “historicismo” non pode concibirse a si mesmo como expresábel en forma apodictica ou predicatoria, e debe crear un gusto estilístico novo, mesmo unha linguaxe nova como medios de loita intelectual. O “sarcasmo” (como, no plano literario restrinxido da educación de pequenos grupos, a “ironía”) aparece polo tanto como a compoñente literaria dunha serie de esixencias teóricas e prácticas que superficialmente poden aparecer como incurabelmente contraditorias; o seu elemento esencial é a “paixonalidade”, que se volve criterio da potencia estilística individual (da sinceridade, da fonda convicción en oposición á charlatanería e ao mecani-<ci>smo).

Dende este punto de vista hai que examinar as últimas anotacións de Croce no prefacio de 1917 ao volume sobre *Il materialismo storico*, no que se fala da “maga Alcina” e algunhas observacións sobre o estilo de Loria. Tamén hai que ver o ensaio de Mehring sobre a “alegoría” no texto alemán etc.».

Antonio Gramsci, *Quaderni del Carcere*, volume III, Turín, Giulio Einaudi editore, 1975, edición crítica do Istituto Gramsci ao coidado de Valentino Gerratana, p.2298-2302.

Enric Sòria afirma que o «toreo» á censura é en Fuster «unha fonte de novas ironías. Os sarcasmos velados son os máis perdurábeis», en «Fuster assagista. Una conversa continuada», Joan Fuster, *Sagitari*, op. cit., p. 24.

- 25 Guillem Calaforra, *Dialèctica de la ironia. La crisi de la modernitat en l'assaig de Joan Fuster*, Valencia, Universitat de Valencia, Càtedra Joan Fuster, 2006.

cabo, «vivía de vender os seus textos»²⁶, di Calaforra. E como vivía de vender os seus textos, Fuster «é consciente de que lle convén captar constantemente a atención do lector, e os seus recursos preferidos son unha sintaxe milagrosamente transparente, uns temas que excitan a curiosidade e un concepto de humor baseado sobre todo no distanciamento irónico»²⁷. Quizais debido tanto á intención de captar o interese do lector, ao uso do humor e mais a ironía, á ambigüidade, á conflitividade, e a que, como afirma escribe Enric Sòria seguindo a Calaforra na recensión que fixo do mencionado libro deste, «a forza do seu ensaio [de Fuster; e engadamos nós: e tamén dos seus artigos xornalísticos] non radica tanto nas ideas que expón, a miúdo demasiado discutíbeis²⁸, senón na perfecta conxunción entre a forma lingüística e a intención do pensamento»²⁹; talvez debido a todo isto, a maioría dos seus escritos xornalísticos, como afirmou Adolf Beltrán, «[...] poden aínda lerse con interese. Resisten admirabelmente o paso do tempo, configurando outra das características da presenza de Fuster nos xornais: a envergadura e consistencia do que publicaba»³⁰. Porque, ao cabo, tanto os seus ensaios como a maioría dos artigos que publicou entran dentro do que el denominaba «literatura» de ideas, o terreo literario en que

26 *Ibid.*, p. 172. («A primeira obriga dun escritor é facerse ler», Joan Fuster, *Judicis finals*, op. cit., p. 78.)

27 *Ibid.*, p. 172.

28 Sen entrarmos en «ideas políticas», ás veces Fuster deita «opinións» sobre literatura que non só son discutíbeis, senón, penso, completamente erradas: Proust é unha lata, Brecht é colocado á altura de Shakespeare, Manuel de Pedrolo é un novelista importante (!), loa un libro tan confuso como *A destrución da razón*, de Lukács, minusvalora unha escritora como Víctor Català (Aurora Bertrana) etc. etc.

29 Enric Sòria, *En el curs del temps, Un itinerari a través de vuit-cents anys de literatura catalana*, Palma, Editorial Moll, 2010, p. 310.

30 Adolf Beltrán, «El periodismo, un mitjà per a la reflexión», en VV. AA: *Joan Fuster: dies i treballs*, Valencia, Conselleria de Cultura, Generalitat Valenciana, 1993, citado por Isidre Crespo: «Joan Fuster, un univers de literatura», en Ferran Carbó (ed.), *Joan Fuster: vicis de la lectura*, Valencia, Publicacions de la Universitat de Valencia (PUV), Càtedra Joan Fuster, 2005, p. 167.

se achaba máis a gusto. Ora, cómpre facermos unha distinción clara entre «literatura de ideas» e «literatura de opinión»: Fuster argallaba unha literatura de ideas, de pensamentos, e por iso o aforismo de Karl Kraus, «A palabra escrita será a incorporación naturalmente necesaria dun pensamento e non o envoltorio socialmente conveniente dunha opinión», define, acho, os seus ensaios, os seus artigos xornalísticos, a súa literatura, nunha palabra³¹. Penso que os artigos de xornal recollidos nesta mínima escolma fusteriá gozan de todas as características de que se falaron nas liñas anteriores e, ademais, moitos deles dedicados á intelectualidade española «liberal» e os publicados no tempo da «transición», sen esquecermos outros, manteñen a súa total actualidade.

Se, como afirma Pérez Moragon, os estudos de Joan Fuster sobre a historia cultural do País Valenciano, «realizados fóra do ámbito académico pero non á súa marxe [...] tiveron nunha importancia decisiva na delimitación de novos campos de traballo e discusión sobre a nosa realidade», coido que tanto os ensaios como os seus artigos, e non só os «directamente» políticos, son unha provocación á curiosidade política, cultural, social, mesmo económica, do lector ou da lectora. Unha provocación, ademais, para que lectora e lector pensen por si propios. O ensaio, non imos aquí dar aquí a súa xenealoxía, nin tampouco teorizar sobre el, goza, como se sabe, dunhas características esenciais. Xulgo que con nos remitirmos aos dous dos textos fundamentais da modernidade sobre o ensaio, «Sobre a esencia e a forma do ensaio: Carta a Leo Popper», de György (von) Lukács, incluído n' *A alma e as formas*³², e «O ensaio como forma», de

31 Unha literatura, sobre todo os ensaios e tamén os estudos «culturais», que introduce, como afirmaba Josep Pla xa en 1962, un «to nou en la nostra literatura», Josep Pla, en *Homenots. Quarta sèrie, op. cit.*, p 380.

32 G. Lukács, *L'ànima i les formes*, Barcelona, Clàssics del pensament modern, Edicions 62/Diputació de Barcelona, 1984, p. 37-56.

Theodor W. Adorno, inserido en *Notas sobre literatura*³³, pódese comprender doadamente o que significa o ensaio.

Para o mozo e premarxista Lukács, no escrito citado, o ensaio é fragmentario, mais a pesar de ser fragmentario, é un texto concibido e executado como entidade formal autónoma: unha forma de escrita que, no esencial, responde non só a un tipo determinado de conxunturas históricas senón, tamén, a un modo de mirar, asumir e valorar o mundo. O ensaio nunca é un fragmento dunha totalidade. É, por así dicilo, autónomo e antidogmático; non pretende expor unha visión ou un saber total, senón introducir unha mirada descontinua e é, como sinalou Adorno, unha «sondaxe». A posición do ensaísta fronte á forma difire das que teñen o poeta, o dramaturgo e o novelista, afirma Lukács. Mentres estes deben sempre esforzarse para alcanzaren a forma que lles permita configurar a «materia» informe que intentan abordar; o ensaísta sempre parte dunha «materia» xa dotada de forma: libro, obra de «arte», «forma de vida». Ao ser así, observa Lukács, o «destino» particular do ensaísta consiste en ser un home que non ten outra vivencia máis íntima que a «vivencia das formas»³⁴. O ensaísta parte dunha forma para vivenciala, interiorizala, sentila, mais o verdadeiramente esencial en cada ensaio non radica no obxecto de que se ocupa, senón, máis ben, nas preguntas ao que o somete discreta e radicalmente. Porque, di Lukács, esas preguntas adoitan tocar «a concepción do mundo na súa espida pureza». De aí que o húngaro vexa no ensaísta unha variedade de pensador, mentres Adorno, en discusión con Lukács, ve no ensaísta un investigador. Investigador crítico, evidentemente, porque o ensaio é a

33 Th. W. Adorno, *Notas sobre literatura*, Tres Cantos, Akal Ediciones, 2003, p. 13-34 e *Notes sur littérature*, París, Flammarion, 1999, p. 4-29 (ás veces as citas de Adorno estarán tiradas da versión francesa, máis “funcional” que a española).

34 Como afirmaba Claude Lévi-Strauss, *Le Totémisme aujourd’hui*, París, PUF, 1974, p. 32: «A forma non está fóra, senón dentro». É dicir, a forma é outro modo de ser da «realidade»; é tirada dela ao mesmo tempo que a refai.

forma crítica *par excellence*, segundo o xudeu-alemán. Ao ser a forma crítica *par excellence*, o ensaio é crítico consigo mesmo e por iso o ensaísta nunca pode chegar a un «novo sistema». Se o ensaísta continúa a ser ensaísta debe comprobar a cada escrito a súa posición e, se as preguntas que fai e o orientan non o conducen polo camiño, debe rectificar o rumbo todas as veces que sexa necesario: esquivar os escollos, reconece novas terras e... nunca alcanza un sistema, ou o «sistema»³⁵. Cómpre lembrarmos as palabras de F. Engels no prólogo á primeira edición do *Anti Dühring*: «Doutra parte, Dühring, “creador de sistemas” non é un caso illado na Alemaña contemporánea. Dende hai algún tempo, en Alemaña os sistemas de cosmogonía, de filosofía da natureza en xeral, de política, de economía etc., brotan por dúcias como os cogomelos. O máis insignificante *doctor philosophiae*, mesmo o menor estudante, non se coída nada menos que de confeccionar sistema integral»³⁶.

O ensaio continúa a ser o xénero por excelencia da *reflexión*; ben que en moitos casos se reduciu á mínima expresión, aínda é a ferramenta de traballo para os que non se deixan oprimir polas leis imperantes. Aínda existen os que se atreven a manifestaren algunha idea orixinal, os que deseñan bocexos discordantes no anódino tapiz do noso tempo, aínda que decontado sexan engulipados indefectibelmente no marasmo de discursos que embarullan e atrapallan as nosas consciencias. O ensaio é a ferramenta para a liberdade da intelixencia, un espazo para o xogo libre, para a analoxía, a análise, para a interrogación e a interpretación sobre todo e sobre nada. É a expresión do antidogmatismo, do espírito de disidencia e de discordia, e de

35 «Un pensamento sistemático, quero dicir, sen contradicións, sempre terá a desvantaxe de non poder resolver a súa contradición coa vida», Joan Fuster, *Judicis finals*, op. cit., p. 27.

36 Friedrich Engels, *Anti-Dühring o la revolución de la ciencia de Eugenio Dühring. (Introducción al estudio del socialismo)*, Madrid, Editorial Ciencia Nueva, 1968, p. 10.

harmonía na diferenza. É o exercicio da tolerancia, mais á vez instrumento de vindicación e reivindicación, a ferramenta para a expresión de verdades que nunca se esgotarán, que baten unhas coas outras nunha danza que crea clima e clímax. Un camiño para a discusión, o diálogo e o coñecemento. O diálogo serve para razoar consigo mesmo e cos outros. Serve para sinalar paradoxos que non teñen solución. De aquí que o ensaio, por todo o que se dixo, sexa, no fondo, tan perigoso. O ensaio, ao final, é, en realidade, a discusión do ensaísta consigo mesmo, porque se ben o ensaio, escribe Lukács, está sempre orientado cara á verdade, ao mesmo tempo estalle vedado postular que cada texto seu sexa *a* verdade. E, ademais, como di Adorno: «O ensaio é máis dialéctico que a dialéctica cando esta se presenta a si mesma. Toma a lóxica hegeliana ao pé da letra: nin se pode brandir inmediatamente a verdade da totalidade contra os xuízos individuais, nin se pode facer finita a verdade converténdoa nun xuízo individual, senón que a aspiración da singularidade á verdade se toma literalmente até a evidencia da súa verdade. O audaz, anticipatorio, non completamente saldado de todo detalle ensaístico arrastra a tantos outros como negación; a non verdade en que adrede se enguedella o ensaio é o elemento da súa verdade».

Non sei se Joan Fuster coñecía en 1964 estes escritos de Lukács e de Adorno. O de Lukács, a non ser que coñecese a tradución italiana publicada en 1963³⁷, véxoo difícil, xa que a versión española apareceu en 1975³⁸ e a francesa en 1974³⁹. O escrito de Adorno puido facilmente coñecelo, dado que en 1962

37 György Lukács, *L'anime e le forme*, Milán, Sugarco, 1963.

38 Georg Lukács, *El alma y las formas/Teoría de la Novela*, México D. F., Editorial Grijalbo, 1971; tradución de Manuel Sacristán. En España editouno a Editorial Grijalbo, e formando parte do proxecto de *Obras Completas* do marxista húngaro que, infelizmente, nunca se chegou a realizar: apareceron uns 11 títulos en 13 ou 14 volumes dos máis de 20 programados.

39 Georg Lukács, *L'âme et les formes*, 1974, Gallimard, Bibliothèque de Philosophie, 1974.

Ediciones Ariel deu ao prelo unha escolma de *Notas de literatura* na que se incluía «O ensaio como forma»⁴⁰. Digo isto porque en 1965, no curto prólogo que lle puxo a *Causar-se d'esperar*⁴¹, o escritor valenciano deita unha curta teoría sobre o ensaio que coincide en certos momentos tanto co que escribe Lukács como co que escribe Adorno: «“*Car tot assaig se causa d'esperar*”, di un verso de Ausiàs March. E en efecto: todo ensaio humano, calquera intento que o home poida emprender –“ensaio” aquí equivale a *tentativa*–, orixínase ou “é causa”, sempre, nunha forma concreta de *esperar*»⁴², para afirmar máis adiante que o verso de March serviulle para «bautizar» o «conxunto de textos diverxentes e despreocupados, unidos pola soa materialidade do volume»⁴³. E do que el escribe «–prosas divagatorias, de tímida especulación, a abalar entre a ironía e a boa fe–, os expertos adoitan chamarlle “ensaios”», e continúa, «unha denominación que, como mínimo, nos remite a Michel de Montaigne, patrón e mestre do xénero», e se se apodera do verso do poeta para titular o seu libro recoñece que *traizoa* a letra de March, mais non o seu *espírito*: «A fin de contas, o *ensaio* literario non é máis que unha modalidade –probabelmente superflua– do “ensaio” de que falaba o poeta. E é “*causa d'esperar*”: unha tentativa, un intento, unha proba»⁴⁴. E Fuster entrega a súa «definición» de ensaio: «Podería dicirse que un poema, unha novela, un tratado de metafísica, un drama, non teñen tampouco outra *causa: esperar*. Non hai dúbidas. Co ensaio é diferente: o ensaio non soamente é “causa d'esperar”, senón que non pasa de aquí. A esencia

40 Theodor W. Adorno, *Notas de Literatura*, Barcelona, Ediciones Ariel, col. Zetein-Estudios y ensayos, tradución de Manuel Sacristán, 1962.

41 Joan Fuster, *Causar-se d'esperar*, Barcelona, Editorial A. C., 1965. Esperar é en March, en certo modo, sinónimo de esperanza.

42 *Ibid.*, p. 7.

43 *Ibid.*, p. 9.

44 *Ibid.*, p. 9-10.

do ensaio é o “ensaio”: ser unha tentativa, intento, proba»⁴⁵. Se o poema, o drama, a novela, o tratado de metafísica «nacen dunha *esperanza* –*cáusanse*–: en tanto que *obras* acabadas, porén, son xa algo máis, unha *realización*». En troques, «o ensaio [...] non *acaba* nunca: redúcese ao puro proceso de buscar, de esculcar, de facer hipóteses ou desfacelas» e o seu resultado, «cando hai, non pretende presentarse coa menor énfase definitoria nin asertativa. [...] O ensaio resígnase a ser humanamente provisional: suxeito a continua rectificación, contradicíndose de vez en cando, cauteloso ou atrevido, sempre consciente da súa deficiencia»⁴⁶. E a *esperanza* [a espera]?, pregunta(se) Fuster. E responde que o ensaio lle semella «máis *esperanza* que ningunha outra: unha *esperanza* que se sabe útil na medida en que non se esgota. O ensaio é *causa d’esperar* e é *esperar*». E o que se espera cando se escribe un ensaio, a extensión non ten nada a ver: «é obter de nós mesmos un esforzo de comprensión cara aos homes, cara ás cousas, cara ao tempo»⁴⁷, e esta operación é «perpetua, reiterativa, insaciábel». Polo que é necesario, unha e outra vez, cunha escusa ou outra, «empezar de novo»⁴⁸. É dicir, se como afirmaba Adorno, o ensaio nunca alcanza un sistema, debe sempre, como afirma Fuster, empezar de novo, porque o ensaio é, sempre, diálogo cos outros e diálogo consigo mesmo. De aí que todo grande ensaio, e os de Fuster sono, deba usar, como afirma Guillem Calaforra, o «distanciamento», sobre todo «distanciamento dos dogmas»⁴⁹, e non só dos dogmas, senón que tamén o valenciano «mantén as distancias entre o seu discurso e aquilo de que fala, e o fai cunha intencionalidade conscientemente preventiva»⁵⁰, dese xeito a estratexia fusteriá

45 *Ibid.*, p. 10.

46 *Ibid.*, p. 10.

47 *Ibid.*, p. 10-11.

48 *Ibid.*, p. 11.

49 Guillem Calaforra, *Dialèctica de la ironia*, op. cit., p. 172.

50 *Ibid.*, p. 248.

funciona á perfección e alcanza o obxectivo procurado: o «de nos protexer intelectualmente contra a credulidade, o conformismo, o exceso de entusiasmo ou a confianza nun mundo que é sempre –e por esencia– ameazador»⁵¹. Co distanciamento (brechtiano, ou é a *ostranénie* –estrañamento, desfamiliarización– de Victor Shklovski? Ou quizais, e eu achegaríao máis a el, co afastamento-comprensivo gramsciano?) que Fuster «aplica ás conviccións e ideas que el analiza», dinos Calaforra, «hai que lelo»⁵². Así hai que ler os seus ensaios; e os seus artigos, porque, ademais, estes son máis autoritarios que o ensaio, máis asertivos, máis definitorios e, talvez, neles o escritor non fiquen como no ensaio.

Sábese que na poesía, na novela, no drama etc., o escritor ten a man moitos subterfuxios para disimular ou eludir as carencias: no ensaio é imposíbel, porque como ben afirma César Aira, «o ensaio quedou preso da Razón e o sentido común, o que non pode sorprender porque é a súa razón de ser», de aí que, afirmaba, non existe, nin existiu nunca, o ensaio de «vanguardia», xa que «canto máis se reinventaba a literatura, menos podía facelo o ensaio, porque a súa función era dar conta, cara ao exterior da literatura, desas reinvenções, e canto máis avanzadas fosen estas, máis convencionalmente *claro* debía de ser o ensaio para *darse a entender*»⁵³; e ao ser presa da Razón, non pode usar dos subterfuxios que usan os outros xéneros literarios, de aí que a súa defensa sexa, en certo modo, a ironía. Mais o artigo, se ben talvez non poida eludir a razón e menos o sentido común, en ocasións, como afirma o propio Fuster, «debe tender obrigadamente á arenga ou ao panfleto»⁵⁴ e, ademais, debe captar a atención do lector nas primeiras liñas, polo que os

51 *Ibid.*, p. 243.

52 *Ibid.*, p. 259.

53 César Aira, *Continuación de ideas diversas*, Ciudad de México, Jus librerros y editores, 2017, p. 78-79.

54 Joan Fuster, *Examen de consciència*, Barcelona, Edicions 62, 1968, p. 9.

subterfuxios usados adoitan ser máis que no ensaio. Ora ben, se ben é certo que o ensaio (e o artigo) non poden eludir a razón, se ben son prisioneiros da razón, o ensaio deixa de ser ensaio cando a razón se converte no que se podería denominar «racionalismo apromblemático», é dicir, cando a razón se converte nun misticismo racional que conduce tanto a un absolutismo pechado e baleiro como á falsificación da propia análise, á falsificación do ensaio...: nese erro, ou nesa falacia, nunca caeu Joan Fuster. Nin nos artigos nin nos ensaios, aínda cando ás veces non se poda estar de acordo con el, aínda que se pense que está a deitar ideas discutíbeis.

Queda moita cousa por dicir sobre os ensaios⁵⁵, e artigos, de Joan Fuster. Por non falarmos da súa evolución ideolóxica. O seu teórico «escepticismo», que talvez só sexa «pesimismo» (no sentido que lle dá Pierre Naville en *La révolution et les intellectuels. Que peuvent faire les surréalistes? Position de la question*⁵⁶), talvez teña que ver co famoso slogan de Rolland apropiado por Antonio Gramsci: «pesimismo da intelixencia,

55 Segundo Josep Pla, «Os ensaios de Fuster son realmente brillantes, agudos e sensíbeis, e demostran que puido enfrontarse coas enormes convulsións do seu tempo, e non perdeu nunca un ton impávido e comprensivo», en *Homenots. Quarta serie, op.cit.*, p. 377. E, como afirma Calaforra, os seus ensaios, «as súas respostas ás interrogantes que formula a nosa “modernidade” son decididas e contundentes: racionalidade substantiva e materialismo; ciencia, técnica, progreso material e consumo; espírito crítico e distanciamento (relativismo, desconfianza, ironía); autenticidade, hedonismo e compromiso. En resumo: liberdade e sentido común. Estes dous valores son o centro da cosmovisión fusteriá e o obxectivo permanente dos seus esforzos como escritor e como cidadán», Guillem Calaforra, *Dialèctica de la ironia, op.cit.*, p. 283.

56 Pierre Naville, *La révolution et les intellectuelles. Que peuvent faire les surréalistes. Position de la question*, suivi de *L'intellectuel communiste*, París, Gallimard, 1975 (a primeira edición de *La révolution et les intellectuelles* é de 1926). Existe tradución española, Galba Ediciones, Barcelona, 1976. Neste escrito, Naville, como di Walter Benjamin no seu ensaio «O surrealismo. A última instantánea da intelixencia europea», fala da «organización do pesimismo a esixencia do día. [...] O surrealismo achegouse cada vez máis á resposta comunista. O que significa: pesimismo en toda liña». Noutras palabras, o pesimismo como arma da revolución.

optimismo da vontade», lembrando que Gramsci foi unha das influencias de Fuster⁵⁷. O escritor valenciano definíase como «vello liberal timidamente de esquerdas». Non obstante, como escribe Calaforra: «Durante os seus primeiros anos de ensaísta [os anos 1950], Fuster é un demócrata liberal, inimigo tanto do comunismo soviético como da ditadura franquista, e completamente afín ás ideas europeístas que entón comezaban a erguer o voo máis enriba dos Pireneos. [...] O marxismo resultáballe antipático e o comunismo inspiráballe unha repugnancia taxativa. Esta actitude comeza a cambiar cara a finais da década dos cincuenta. [...] Durante os anos 60, Fuster dá unha formulación clara e ben estruturada do seu “nacionalismo”, coa idea de lingua común como núcleo da identidade colectiva»⁵⁸, e incorpora ao seu pensamento tanto parte do materialismo histórico⁵⁹ como ideas de Gramsci, tanto nos seus ensaios culturais como no seu, digámolo, de momento, desta maneira, «ideario político», sobre o que haberá que dicir dúas palabras.

57 Para unha discusión sobre a recepción por parte de Fuster de Antonio Gramsci, Antoni Rico i García (ed.): *El pensament i l'acció. De Marx a Gramsci en Joan Fuster*, Lleida, Edicions El Junc, 2027, sobre todo os traballos: Ferran Archilés: «Qüestió de noms. Joan Fuster i el Marxisme el 1962», (p. 49-68) e Jaume Lloret/Joaquim Carlos Noguera: «Gramsci en Fuster. Aportacions i notes per al debat» (p. 69-93). E o traballo pioneiro de Giuseppe Tavani, «Les lectures italiannes de Joan Fuster», en Ferran Carbó (ed.), *Joan Fuster: vicis de la lectura, op. cit.*, p. 107-121.

58 O que trae consigo a idea de Países Cataláns (Catalunya, Valencia, Baleares e o Roselló ou Catalunya Nord). Josep Pla, no citado *Homenot* dedicado a Joan Fuster, di, despois de repasar a traxectoria «intelectual» do valenciano até aquel ano (lembramos, 1962), que «Por isto [é dicir, a traxectoria] non estrañará a ninguén que Fuster fose sucesivamente: españolista, *regionalista bien entendido*, rexionalista valenciano, nacionalista valenciano, catalanista», Josep Pla, *Homenots. Quarta sèrie, op. cit.*, p.367. continuando a ler o escrito de Pla, enténdese «catalanista» como nacionalista dos Países Cataláns tomados como un bloque lingüístico. Noutro lugar, e agora cito de memoria xa que non dei co escrito de marras, Pla cualifica a Fuster de «comunistoide».

59 Materialismo histórico, non materialismo dialéctico, xa que este último era considerado por Fuster como unha metafísica, un puré filosófico etc.

Joan Fuster, como subliñan os seus estudosos, é herdeiro da Ilustración francesa, Voltaire e Diderot, sobre todo, mentres que de Rousseau non tiña un bo concepto. Outras influencias, sábense: de Michel de Montaigne a Bertrand Russell, pasando por Erasmo de Rotterdam, os «moralistas» franceses: La Bruyère, Joubert, La Rochefoucauld, e... o señor de Sade, xa que este era un bo fillo da Ilustración e soubo ver os «perigos» que esta portaba no seu seo. Como afirman Adorno e Horkheimer: «Non é no harmónico ideal social, que tamén para Sade alustra no futuro (“*gardez vos frontières e restez che vous*”⁶⁰), nin sequera na utopía socialista desenvolvida na historia de Zame⁶¹, senón no feito de que Sade non deixase aos adversarios a tarefa de facer que a Ilustración se horrorizase de si mesma, o que fai da súa obra unha panca para ao seu posíbel rescate»⁶². Sen esquecermos nin Eugeni d’Ors, nin Josep Pla, nin Marx, nin Antonio Gramsci, entre outros⁶³. Como herdeiro da Ilustración, Fuster é un abandeirado do progreso, aínda que, como afirma Gustau Muñoz, «desconfiaba da narrativa inxenua do progreso, mais valoraba a ciencia»⁶⁴, e de aí as súas reticencias, por exemplo, cara ao ecoloxismo, cara á crítica do progreso, mesmo esta se defina de esquerdas. En realidade: Fuster o que defende é o progreso científico/técnico. Sufrindo a influencia de Marx, do materialismo histórico, ten moi claro o das clases sociais e a opresión e mais a explotación. Puña, continúa Gustau Muñoz, «en cuestión as grandes promesas da democracia capitalista, a miúdo pura

60 Marqués de Sade, *La philosophie dans le boudoir* (nota de Adorno/Horkheimer).

61 Marqués de Sade, *Aline et Valcour* (nota de Adorno/Horkheimer).

62 Th. W. Adorno /Max Horkheimer, *Dialectica del’Iluminismo*, Turín, Giulio Eunadi Editore, 1974, p. 128.

63 Para saber das influencias sobre todo filosóficas que «sufriu» e «asimilou» ou «integrou» Joan Fuster, é indispensable o tantas veces mencionado libro de Guillem Calaforra, *Dialèctica de la ironia*. As páxinas que lle dedica a Sade en Fuster son, acho, esclarecedoras. O libro de Calaforra, como escribiu no seu día Enric Sòria, é un libro fusterián sobre Joan Fuster.

64 *La Vanguardia*, 22 de xaneiro de 2022, suplemento «Culturas», p. 2.

falacia apoloxética. Rexeitaba o totalitarismo comunista, a gran sedución do seu tempo»⁶⁵. Botando man de Marx, nos seus ensaios sobre Valencia, sobre todo en *Nosaltres els valencians*, acusa a burguesía valenciana de non actuar como tal, de ser só un apéndice da oligarquía/burguesía centralista. Non se trata agora de discutir o tema das burguesías nacionais, pero se estas existen (ou existiron) sempre actuaron como debían actuar en cada momento para mellor explotar ás súas clases subalternas. En Valencia, como entre nós, non existiu «burguesía» nacional, mais existiu explotación das clases subalternas, que é o papel das burguesías, sexan nacionais, sexan cosmopolitas. Mais esta discusión non vén a conto neste limiar.

O que queremos dicir é que Joan Fuster, cando fala de política, ben nos seus estudos culturais, ben, sobre todo, nos seus escritos e panfletos políticos, sempre chama en axuda súa á razón ilustrada e, evidentemente, ao seu escepticismo/pesimismo. Non é debido a ese escepticismo/pesimismo, nin moito menos á razón ilustrada, que os textos políticos de Fuster non resolvan o problema político: son parte del, ese é o seu interese e ese é o seu límite⁶⁶. Non se pense que este modo de designar a nosa hipótese sobre os escritos políticos fusteriáns leve implícito un xuízo desprezativo ou negativo sobre as súas calidades analíticas. Polo contrario, o que se pode considerar como un fracaso (en canto axente de transformación das realidades sociais) e como un sacrificio (en canto analista a manterse distante e obxectivo), son en realidade valores cívicos de compromiso, e un exemplo de coherencia que non deben esquecerse. Por outra parte, acho que ese sacrificio e ese fracaso son comúns aos intelectuais (ou axentes sociais culturalizados, por usarmos un léxico máis ao día) de Occidente. Non nos trae este debate, só o apuntamos. E apuntámolo, porque se ben é certo que Fuster puido fracasar, e

65 *Ibid.*, p. 2.

66 Límite, por outra parte, de todo escritor político, a non ser que este sexa dirixente dun grupo político que teña como estratexia tomar o poder.

é evidente que se sacrificou, tamén é certo que se non acertou en todas as súas análises⁶⁷: por sorte pensou, como diría un Karl Kraus, entre as contradicións⁶⁸. Mais o importante para el non era acertar, senón comprender e dar a comprender, polo que o que resulta dos seus escritos políticos é unha «imaxe» do que pode ou podería ser a política en Valencia (e en España). Xa que logo, máis que de análise política en estrito sentido, talvez debería falarse a propósito, destes escritos⁶⁹, de reconstrución de procesos políticos tal como son observados na perspectiva dos intelectuais, ou dos axentes sociais culturalizados –talvez deberíamos escribir «axentes sociais culturalizados non institucionalizados»⁷⁰–, sobre todo daqueles con capacidade, como o noso autor, para integraren os acontecementos circunstanciais, e non tan circunstanciais (véxase *Nosaltres els valencians*, entre outros dos seus libros e traballos), nun sentido cultural. Por isto é polo que nestes escritos políticos (ou máis «directamente» políticos) achamos trazos de ansiedade e de fracaso, de ilusión e de traizón, de irrealismo e, tamén, malia ser Fuster un ilustrado, de paixón en desorde, que identifican a vida política cando se observa nunha perspectiva cultural⁷¹.

67 Referímonos, maiormente, aos seus escritos máis ou menos xornalísticos. Dos seus estudos sobre Valencia, e o que neles aínda hoxe é actualidade, ou se non é actualidade foi criticado no seu momento, ver Pau Viciano, *Per què Fuster tenia raó*, Valencia, Eliseu Climent Editor, 2017, libro en que se demostra que a maioría das veces Fuster diagnosticaba certeiraamente.

68 Non esquezamos os seus aforismos: «Reivindícade sempre o dereito a cambiar de opinión: é o primeiro que vos negarán os vossos inimigos» e «“Cambias? Entón es verdade”. Ser fiel a ti mesmo non implica imprescindibelmente ser fiel ás túas cousas: ás túas ideas, á túa ética, ao teu concepto de ti que ti mesmo te inventaches», Joan Fuster, *Judicis finals*, *op. cit.*, p. 12 e 43.

69 Os recollidos en *Punts de meditació*, *El blau en la senyera*, *Pamflets polítics*, *País Valencià, per què?*, *Destinat (sobretot) a valencians*, *Ara o mai* etc.

70 Ver, René Lourau, «Sociologie de l'avant-gardisme», *L'homme et la société. Revue internationale de recherches et synthèses sociologiques*, núm. 26, outubro-décembro 1972, p. 44-68.

71 Nin de primeiras nin de segundas, desbotaría que se puidese inscribir Joan Fuster na tradición do que Enzo Traverso denomina «melancolía de esquerdas»:

Fuster, ademais, era nacionalista. Nacionalista dos Países Cataláns, un nacionalismo que non interesou ás formacións políticas maioritarias tanto de Cataluña como dos outros Países Cataláns⁷². Non entraremos nese sarillo. A idea de Países Cataláns, o seu intento de teorización e, xa que logo, de realización, é un dos legados de Fuster que aínda está por desenvolver, no só practicamente, claro, senón teoricamente, fóra de saídas de ton e de «verdades eternas», e de consignas para manifestacións ou espiches políticos. A problemática para introducir entre a maioría da xente o concepto de Países Cataláns, un concepto (ou unha realidade, se así se prefire) enquistado, de momento, no que demos en denominar «axentes sociais culturalizados», é complicada, e as tácticas e estratexias empregadas até o de agora abalaron entre a inercia e o fanatismo, polo que a idea de Países Cataláns é, nestes lugares, unha idea minoritaria. Fuster defendíaa. Foi, no seu día, o seu maior teórico. Hoxe, talvez, necesítase unha revisión e, o que é máis que evidente, cambiar tanto a estratexia como as tácticas, pero esa é unha función de colectivos, non de individuos máis ou menos xeniais. Si, Fuster era nacionalista, mesmo aceptaría a acusación dos seus inimigos de ser pancatalanista⁷³. Mais era nacionalista á forza: obrigábanos a ser nacionalista. Como escribiu Joan F. Mira:

«Pode semellar un perfecto paradoxo, pero o home que foi crucial –*fundacionalmente crucial*– para a reformulación contemporánea da *cuestión nacional* no País Valenciano, confe-

Enzo Traverso, *Mélancolie de gauche. La force d'une tradition cachée (XIX^e-XXI^e siècle)*, París, Éditions la Découverte, 2016. Para sabermos da influencia fusteriá nos diferentes partidos valencianos, tanto independentistas como autonomistas, federais, centralistas, de dereita, esquerda ou extrema esquerda etc., é indispensable o libro de Antoni Rico García, *Joan Fuster i el pensament nacional. Entre el problema i el programa*, Catarroja, Editorial Afers, 2021.

72 No libro de Antoni Rico García mencionado na nota anterior, pódese seguir a idea de Países Cataláns nos diferentes partidos políticos nacionalistas tanto cataláns, como valencianos e baleares.

73 Afirmaba que el era un catalán de Valencia.

sábase repetidamente distante das posicións e as actitudes nacionalistas, o home que tantos *valencianos nacionais* –e tantos *cataláns nacionais*– teñen como pai da patria, manifestábase permanentemente reticente diante das efusións clásicas do patriotismo. Se Fuster era *patriota*, érao por puro sentido da responsabilidade⁷⁴: o patriotismo como festa pública ou como emoción privada deixábao moi frío. [...] dedicou ao tema da nación unha parte moi reducida de todo o conxunto da súa obra. [...] o número de páxinas dedicadas directamente a falar da nación, das nacións ou do nacionalismo é absolutamente insignificante. Definitivamente, este non era o seu tema: non lle interesaba na teoría e só se dedicou na práctica por simple obriga.»⁷⁵

E a continuación lembra Mira o que escribiu Josep Iborra: «A fatalidade de Joan Fuster foi sentirse nacionalista porque os outros –no seu caso os xacobinos españois– non lle permitiron deixar de selo»⁷⁶.

—

Se, seguindo a Calaforra, debemos ler a Fuster co mesmo distanciamento, e unha boa capacidade de autoanálise, que el aplica ás conviccións e ideas que analiza, tampouco debemos esquecer, como afirma o mesmo Calaforra ao final do seu estudo, que «a base radicalmente ilustrada do antiideoloxismo de

74 É dicir, como cidadán, na esteira do que este substantivo significaba para os revolucionarios franceses de 1789.

75 Joan F. Mira, «Sobre la nació de Joan Fuster», en *Hèrcules i l'antropòleg*, Valencia, Eliseu Climent Editor, 1994, p. 159.

76 Léase nesta escolma a entrada «Nacionalismo» pertencente a *Diccionari per a ociosos*. Sobre o xacobinismo español (en realidade xacobinismo puramente administrativo e nada político e, polo tanto, nada revolucionario) é interesante a hipótese subxacente en *Ruina y restitución: reinterpretación del romanticismo español*, Madrid, Cátedra, 1996, de Philip W. Silver. A respecto da nación ou patria, non se debe esquecer este outro aforismo de Fuster: «Sen himnos, sen bandeiras, sen vivas», *Indagacions i propostes*, op. cit., p. 315.

Fuster e a intención moralizadora⁷⁷ da súa “realización textual”» non se poden rebaixar un milímetro porque «este é o punto forte da súa actitude crítica: unha loita contra o engano que aspira a nos dar cotas máis altas de dignidade persoal –como lectores– e colectiva –como nación»⁷⁸. E non só aos valencianos ou cataláns, senón individualmente a cada lector ou lectora que o lea e á nación a que esa lectora ou ese lector pertencen.

Barcelona, 14 de abril de 2022

77 Sobre a razón moral do ensaísmo de Fuster, Antoni Riera, *La raó moral de Joan Fuster. Notes per a una lectura del seu assaig*, Barcelona, Curial Edicions Catalanes, 1993.

78 Guillem Calaforra, *Dialèctica de la ironia*, *op.cit.*, p. 259.

ÍNDICE

Limiar/Presentación	9
A nosa escolma	37
A cancelación dos nacionalismos	41
Nacionalismo	48
...E un señor de Puerto Rico	54
O que vai dun mundo a outro	58
Un retorno á verdade	62
Consideración duns temores	66
Patentes de universalidade	71
Dunha axenda pública	75
Tema de historia	75
Miseria do liberalismo	83
Tradición de autoridade	87
Cara e cruz do localismo	89
As nacións e o seu sarillo	93
Regateos de mercado	99
Contra o nacionalismo	103
Cara a un nome propio	107
Franco e o españolismo	111
<i>O Cambó</i> de Jesús Pabón	119
Un país sen política	126
O problema de sempre	133
Reticencias sobre calquera bandeira	137
Agora gustaríame escribir	139
A ilusión da autonomía	143
Reflexións fóra de tempo	147
«El Ruedo Ibérico»	150
O caso de don Miguel	155
Con Balmes, como escusa	160
O outro castrismo	165
A <i>cacharraría</i> da historia	170

Agora non hai dese percal	175
Cultura e liberdade	179
Bomba vai e bomba vén	183
A «operación Valencia»	186
A deserción de Eugeni d'Ors	191
Anexos	
1. Na morte de Eugeni d'Ors	215
2. Novas precisións sobre d'Ors	219
Apéndice	
Joan Fuster e Galiza	229
Coñecemento de Galiza.....	236